



Cultura

* **MAGOSTO POPULAR** (churrasco e castañas - 6€ por persoa): Sábado 10 de novembro - Na Telleira de Boimil, ás 20:30. Ampliamos o prazo de inscrición ate o 7 de novembro, poden facelo nas oficinas do Concello

Servizos Sociais

*CENTRO DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO DE ARCEO

* **Taller de estimulación da memoria para adultos.**

Dirixido a persoas maiores de 50 anos e que ten por finalidade fortalecer as funcións cognitivas en xeral (atención, memoria, razoamento, linguaxe...)

Data de comezo: 6 de novembro (martes)

Hora: 18:00 h a 19:15 h

Lugar: Centro de envellecemento activo de Arceo.

As persoas interesadas en participar poden chamar ó teléfono de servizos sociais do concello 981 516075.

* **Charla-coloquio: Exercicios posturais para unha mellor saúde na vida diaria.**

A cargo de: Liliana Méndez Moreira .Fisioterapeuta do Concello de Boimorto.

Día: 26 de novembro.

Hora: 18:00 h

Lugar: Centro de envellecemento activo de Arceo.

Centro de Maiores

* O día 1 de outubro comenzaron de novo as actividades no centro. As actividades que se imparten son as seguintes:

- Ximnasia: luns, mércores e venres. De 11:00 h a 12:00 h.
- Taller de memoria: xoves. De 10:45 h a 11:45 h.
- Teatro: xoves. De 12:00 h a 13:00 h.

Todas aquelas persoas interesadas que desexenpódenparticipar acercándose ao centro e falando cos monitores encargados das actividades.

Bebeteka

Obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos.

Servizo gratuito que pretende: Ofrecer un lugar de xogo e de imaxinación para os nenos/as; Favorecer a relación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades nas que os adultos participen dun xeito activo; Favorecer a relación entre os nenos/as destas idades...

Nas actividades deberán participar o neno/a e un titor/acompañante que serán coordinados por unha mestra.

Horario de 16:45 h a 18: 15 h (martes e xoves).

Lugar: Centro Social Municipal de Maiores.

Incricións: ata o 15 de novembro chamando ós servizos sociais do concello de luns a venres de 12:30 h a 15:00 h (Tfno: 981 516075) ou acudindo ó Punto de atención á infancia.

A.F. Santiaguíños

A agrupación Folclórica dos Santiaguíños de Boimorto considérase unha das asociacións que é un gran referente cultural en Galicia, debido ás diversas actividades que realizamos ao longo destes anos anteriores e a recuperación e conservación de tradicións antigas, entre elas, ir cantar os reis e "o Ensaio", unha danza que se bailaba antes en Boimorto tódolos martes de entroido diante dos bares e tabernas vestidos/as de branco.

A parte de impartir clases de baile, gaita, percusión e canto (dende os 6 anos), este ano pasado realizamos unha gran cantidade de obradoiros que abordaban distintas temáticas, como baile, canto, técnica vogal, creación de pandeiros,... etc. Con grandes mestres e mestras nos seus campos. A agrupación tamén participou en concursos, seráns, foliadas, cantos de taberna e festivais. Un ano máis realizamos a Conrobla XIII e o III Festival de Sabores e Saberes. Tamén participamos no Concurso do Traxe Tradicional, no cal gañamos un premio polo traxe máis antigo e mellor conservado. organizamos o primeiro campamento a favor de promover o rural na Granxa Escola de Vilasantar, onde contamos con 30 nenos de distintas localidades co obxectivo de valorar máis os recursos que a natureza nos achega. Grazas a todas estas actividades podemos contribuír coa propia comarca e o seu desenvolvemento económico e cultural. As actividades están abertas a todos os grupos de idade, pois a vergoña ten que quedar na casa e as ganas de pasalo ben e aprender é o único que precisas.

Por todo isto, convidámosvos a que participades nas nosas actividades e vos unades a nosa gran familia. Entre todos faremos que Boimorto e a nosa comarca sexa un pequeno paraíso.

Mais información e inscricións no 654 203 169